



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECRETARÍA XERAL. SECCIÓN DE PATRIMONIO

Anuncio

ACTA DE ENTREGA DUN TREITO DE VÍA PROVINCIAL A FAVOR DO CONCELLO DE CHANTADA.

En virtude do disposto no artigo 18.8 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, procédese a publicar os datos da acta de entrega dun treito dunha estrada provincial, asinada entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Chantada.

- ACTA DE ENTREGA DO TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-1808N540A - QUINTELIÑA ENTRE O PQ 0+000 E O PQ 0+375, A FAVOR DO CONCELLO DE CHANTADA, ASINADA O 18 DE NOVIEMBRE 2025.

ESTRADA	DENOMINACIÓN ESTRADA	P.Q i	P.Q f
LU-P-1808	N-540A Quinteliña	0+000	0+375

Lugo, 18 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3263

CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 5/2025, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de douscentos corenta e dous mil oitocentos sesenta e cinco euros (242.865,00 €), cuarto de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o dezasete de outubro de dous mil vinte e cinco, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal.....	1.549.319,55.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.869.027,05.-
3.- Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4.- Transferencias correntes.....	125.760,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	1.216.779,84.-
7.- Transferencias de capital.....	30.500,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.796.429,34.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 18 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 3264

PANTÓN

Anuncio

Na sesión celebrada o 14.11.25, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o padrón fiscal do prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de setembro de 2025.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.

- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- -Tributo ao cobro: Prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de setembro de 2025.
- Prazo de ingreso en período voluntario: 15.12.25 ao 15.02.26, ambos incluídos. Data de cargo en conta bancaria: 29.12.25.
- Modalidade de ingreso: A través do servizo de recadación do Concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar, días e horario de ingreso: Oficinas de recadación do concello de Pantón, de luns a venres laborais, de 9 a 14 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 14 de novembro de 2025.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3265

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 10/11/2025**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **MAIO** de 2025, polo importe total de **3.590,14 €**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 18 de novembro de 2025.- O alcalde, P.D. O 1º tenente de alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 3266

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 10/11/2025**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **XUÑO** de 2025, polo importe total de **3.289,41 €**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 18 de novembro de 2025.- O alcalde, P.D. O 1º tenente de alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 3267

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de créditos, expediente 517/2025 do orzamento do Concello da Pobra do Brollón para o ano 2025 ó non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP Nº 247 do 27/10/2025), en aplicación do disposto nos artigos 169, 170, 171 e 179 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do orzamento de gastos e ingresos queda da seguinte forma:

Orzamento de gastos		Orzamento de ingresos	
Capítulo		Capítulo	
1	1.629.478,60	1	680.000,00
2	818.264,62	2	100.000,00
3	37.200,00	3	434.000,00
4	52.800,00	4	1.438.900,88
5	0,00	5	3.000,00
6	1.137.166,35	6	0,00
7	200.000,00	7	439.446,78
8	0,00	8	825.031,30
9	115.000,00	9	69.530,61
TOTAL	3.989.909,57	TOTAL	3.989.909,57

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito, expediente 517/2025 do orzamento para o ano 2025, os/as interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Pobra do Brollón, 18 de novembro de 2025.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3268

TRABADA

Anuncio

Faise pública a convocatoria e as bases para a reapertura de bolsa de emprego para a contratación de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Trabada.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Trabada, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos: Os establecidos nas bases de convocatoria, publicados no Taboeiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>)

Sistema de selección: Oposición.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde,

Trabada, 18 de novembro de 2025.- O alcalde, Rubén García Freije.

R. 3269

CONSELLO REGULADOR DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA

Anuncio

INFORMACIÓN AOS VITICULTORES DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA SOBRE ENVÍO E DATA DE VALIDACIÓN DE COLLEITA 2025 E DECLARACIÓN AO FOGGA

Mediante o presente anuncio, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra informa a todos os seus viticultores que, con data 24 de novembro outorgouse oficialmente, polo Órgano de Control e Certificación do Consello Regulador, a “Validación de Colleita”, ás entregas de uva realizadas ao seu nome durante a colleita 2025 polas adegas rexistradas na Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Dita “Validación de Colleita” foi remitida por correo electrónico ou por correo postal ao domicilio de cada viticultor inscrito.

Así mesmo, en atención ao recollido na disposición adicional cuarta da ORDE do 22 de setembro de 2021 pola que se modifican os anexos, prazo e normas procedementais do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia, e a cláusula segunda do convenio subscrito entre o FOGGA, o AGACAL e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Se vostede previamente autorizou a este Consello Regulador para presentar no seu nome a declaración de colleita da uva amparada na Denominación de Orixe Ribeira Sacra ante o FOGGA dispuxo, segundo comunicado en carta, ata o día 20 de novembro de 2025 para realizar alegacións á devandita información. Transcorrido devandito prazo sen contestación pola súa parte, entenderemos que mostrou a súa conformidade con estes datos das entregas de uva da súa explotación, autorizando a que este Consello Regulador os presente como declaración de colleita no seu nome.

No caso de que non nos dese o seu consentimento para presentar a devandita declaración no seu nome, saiba que está obrigado a facelo vostede mesmo nos prazos que marca a lei, para o que poderá valerse dos datos achegados no documento anexo á devandita validación.

Agradecemos a súa colaboración durante a campaña 2025 facilitando o labor que desempeñan os traballadores deste Consello Regulador para a comprobación da orixe e calidade dos nosos produtos para poder certificarlos coas máximas garantías.

Monforte de Lemos, 5 de novembro de 2025.- O presidente, Antonio Lombardía Crespo.

R. 3102